



**C.P.I. PLURILINGÜE JOSÉ GARCÍA GARCÍA**

**MENDE, OURENSE 2020-21**

## **ÍNDICE** **“Xadrez educativo para todas e todos”**

---

1. Introducción e contextualización
2. Obxectivos
3. Bloques de contidos
4. Temporalización dos contidos e actividades por trimestre
5. Metodoloxía semipresencial e online
6. Estándares de avaliación, instrumentos e cualificación e promoción
  - a. Estándares de avaliación
  - b. Instrumentos de avaliación e porcentaxes
  - c. Criterios de cualificación trimestral e final
    - i. Sistema de cualificación cualificacións trimestrais
    - ii. Sistema de cualificación cualificacións final
    - iii. Sistemas de recuperación
    - iv. Sistema de cualificación extraordinaria
  - d. Sistemas de avaliación para o alumnado que non poida asistir de forma regular ao centro.



Resumo da programación da materia “Xadrez educativo para todas e todos”



## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O presente documento e **unha versión resumida** da programación da materia de “Xadrez educativo para todas e todas”, o responsable de desenvolvela neste curso 2020-21 é o departamento de Orientación.

Como ferramenta de traballo que é, **esta programación pode adaptarse durante o desenvolvemento do curso** as novas demandas e necesidades que xorden entre o alumnado do grupo ou a nova realidade que estamos a vivir provoca pola situación do Covid-19.

**Para o deseño desta programación tívose en conta varios aspectos:**

- **A normativa legal**, tanto á Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e dentro desta normativa sobre todo a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, publicada no DOG nº 136, do martes 21 de xullo de 2015.

- **A situación inicial do alumnado** que escolle a materia, onde a motivación pola que se elixe esta materia é moi diversa entre eles. Hai alumnado que a elixe porque disfruta con este deporte, e xa o ven practicando dende a etapa de educación primaria e incluso federouse con algún clube da contorna e participa en torneos con bos resultados e hai alumnado que é a súa primeira experiencia con esta disciplina.

- **As características do noso centro e do noso proxecto educativo (P.E.)**, é un centro que se caracteriza por ter moito alumnado con N.E.A.E. e un dos valores do noso P.E. é a integración e a igualdade de oportunidades de todo o alumnado. A través desta materia procuramos que todo este alumnado normalice máis a súa situación e que o grupo coñeza máis as súas posibilidades e necesidades para unha mellor integración e cohesión social.

Queremos que os nosos estudantes **aprendan a ser, a pensar, a actuar** de maneira autónoma, a expresarse, a ter iniciativa e ser resolutivos, a saber convivir e

cooperar, a respectar o entorno, a ser responsables, solidarios e tolerantes. En definitiva: **contribuír a que sexan mellores persoas, e desenvolvan competencias para ter éxito na vida.**

O xadrez é un xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento imprescindibles na ESO. Cando se xoga ó xadrez de forma reflexiva débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación.

O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación, o cal favorece que o alumnado afiance a súa identidade persoal, adquira hábitos de convivencia democrática e aprenda a ser unha persoa independente que aborda a análise de situacións para obter as súas propias conclusións a través dunha actitude crítica ante o mundo.

## **2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE XADREZ EN 2º DA ESO.**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá, mediante a optativa de Xadrez educativo para todas e todos, a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos.

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no **respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e o grupo.**
- **Desenvolver e consolidar hábitos** de disciplina, estudo e **traballo individual e en equipo.**
- **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles e rexeitar calquera tipo de discriminación.**
- **Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoa.**
- **Resolver pacificamente os conflitos.**
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a

participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Utilizar adecuadamente o taboleiro de xadrez.
- **Coñecer algún dos/as mellores xogadores/as de xadrez.**
- **Procurar información de actualidade sobre o xadrez e analizala dun xeito crítico, utilizando como recurso a entrevista.**
- **Coñecer as pezas do xadrez e o seu vocabulario.**
- Realizar adecuadamente en xogadas a captura das pezas, defensas e ameazas, e identificar cando son erróneas.
- **Aplicar as normas básicas da apertura e evita erros graves.**
- **Aplicar as regras de final de torres e rei, e de final de torre e rei contra o outro rei.**
- Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón.
- Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X.
- Aplicar as distintas aperturas, sobre todo a do peón de rei.
- Resolver e formular casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas.
- Resolver eficazmente distintos finais que se poidan presentar ao longo dunha partida.
- Utilizar as TIC para mellorar a práctica no xadrez.

### 3. BLOQUES DE CONTIDOS

- Valores e normas durante o desenvolvemento das clases.
- Axuda e respecto entre iguais e valoración da diferenza.
- Fundamentos do xadrez
- O xogo en acción
- Transversalidade no xadrez
- Xadrez e TIC.

#### 4. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS E ACTIVIDADES POR TRIMESTRE

	1 Trimestre	2 Trimestre	3 Trimestre
<b>Actividade visibilización</b>	Buscar información sobre un Gran Mestre e expoñelo ao grupo	Desenvolver unha entrevista a un xogador local de xadrez	Crear un diálogo ou obra teatral onde as pezas do xadrez son as protagonistas
<b>Aperturas</b>	Iniciarse na apertura do peón de rei	Dominar a apertura do peón de rei	Iniciarse noutra apertura
<b>Finais</b>	Dominar o final de dúas torres e rei	Dominar o final de torre e rei	Consolidación dos finais de torres e iniciarse en novos finais
<b>Tipo de mates</b>	Iniciarse nos mates dunha xogada	Resolver exercicios de mates en unha xogada e iniciarse nos de dous	Resolver mates en dúas xogadas

#### 5. METODOLOXÍA SEMIPRESENCIAL E ONLINE

A metodoloxía semipresencial e online potenciara igualmente os valores dunha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias básicas. Respetarase o ritmo de traballo e as necesidades de cada alumno, atendendo ás necesidades individuais de cada un deles.

Os recursos educativos que se van a utilizar son:.

- **As ferramentas dixitais e plataformas** que se van a utilizar no proceso de ensino-aprendizaxe, son as establecidas como prioritarias pola Administración Educativa, como as aulas virtuais do centro onde subirei o material que precisen e que facilite o seu aprendizaxe e o cisco webex para conectarnos e traballar conxuntamente creando reunións e clases en liña.

- **Uso de telefonía móvil e whatsApp** para unha comunicación máis directa e rápida co alumnado, as familias, profesorado do centro e outros membros do entorno que incidan no benestar e no desenvolvemento do alumnado.

- **Uso do correo electrónico e a páxina web do centro**, como medio de comunicación coa comunidade educativa.

- **Uso de blogs, páxinas webb** como recurso de actividades de reforzo e ampliación.

- **Sobre todo a través do programa LICHESS desenvolveranse as clases e o alumnado poderá xogar uns contra outros, coas indicacións oportunas, para iso nesta plataforma creamos un equipo co nome do colexio e o alumnado ten que unirse e posteriormete xa se poden desenvolver as clases e xogar uns compañeiros con outros..**

- **Entre outros.**

A hora de seleccionar o uso das TIC debe contemplarse entre outros aspectos, que as ferramentas seleccionadas faciliten o traballo, o benestar do alumnado, a motivación na aprendizaxe, o autoaprendizaxe e a autonomía persoal. Así mesmo deben contribuir ao reforzo das competencias adquiridas.

Nestas modalidades daráselle máis valor a avaliación contínua, premiando o traballo diario e a resolución de retos e os intercambios orais co profesorado a través dos medios telemáticos elexidos.

## 6. ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS E CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### 6.1. ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN



- **Mostra actitude de axuda e compañerismo durante o xogo.**
- **Implicase nas actividades de aula e contribúe ao crecemento persoal de todo o grupo.**
- **Coñece algún dos/as mellores xogadores/as de xadrez.**
- **Procura información de actualidade sobre o xadrez e analízaa dun xeito crítico, utilizando como recurso a entrevista.**
- **Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.**
- **Coñece o nome das pezas e sabe colocalas no taboleiro**
- **Sitúa axeitadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columns, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar**
- Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar operacións cos distintos tipos de números e porcentaxes a través do xadrez.
- Aplica conceptos xeométricos sinxelos (diagonal, horizontal, vertical, paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro.
- Identifica xogadas erróneas con certa rapidez
- **Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.**
- Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.
- Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario
- **Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas.**
- Realiza dobres ameazas, cravadas, descubertas e raios X
- Coñece como se domina o centro na apertura.
- **Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves.**
- Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante.
- **Reproduce e aplica as regras de final de torres e de final de torre e rei contra o outro rei.**
- Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez.

## 7.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXES

Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado tendo como referencia o grao de consecución dos estándares, serán os seguintes:

- Compromiso e actitude positiva na aula (30%)
- Respecto aos compañeiros-as, axuda e disciplina (30%)
- Visibilización de actividades a nivel individual ou grupal (30%)
- Progreso e outros aspectos (10%)

Para valorar o progreso utilizaremos os seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas test sobre os estándares
- Traballos a entregar en formato dixital a ser posible, rexistros de actitudes fronte a materia e co grupo, prácticas de exercicios, torneos e partidas, observación directa, rexistro anecdótico e exposición oral.

## 6.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL E FINAL.

### 6.3.1. Sistema de cualificación cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno de acordo coa ponderación establecida.

Respecto os criterios de cualificación, os agrupamos en catro grupos, co seguinte peso en cada un dos mesmos:

- Compromiso e actitude positiva (30%)
- Respecto aos compañeiros-as, axuda e disciplina ( 30%)
- Visibilización de actividades a nivel individual ou grupal (30%)
- Progreso e outros aspectos (10%)

Establécese o seguinte sistema de cualificación:

- De 0 a 4,49 puntos (equivalente a insuficiente): non acadados de

maneira suficiente o 50% dos estándares de aprendizaxe.

- De 4,5 a 5,49 puntos (suficiente): acadados de forma suficiente o 50% dos estándares de aprendizaxe e o 20% nos estándares sinalados en cursiva no cadro.
- De 5,5 a 6,49 puntos (ben): acadados entre o 60% e o 69% dos estándares e entre o 24-28% dos estándares en cursiva.
- De 6,5 a ou 8,45 puntos (notable): acadados entre o 70% do 89% dos estándares de aprendizaxe e entre o 28% e o 36% dos estándares en cursiva.
- De 8,45 a 10 puntos (sobresainste): acadados moi ben máis do 90% dos estándares de aprendizaxe e máis dun 36% dos estándares en cursiva.

Aquel alumnado que non acaden alomenos unha puntuación dun 50% sobre os estándares en xeral e un 20% sobre os marcados en cursiva non poderá acadalo aprobado.

Tamén se considerará causa suficiente para non aprobar un comportamento que implique risco grave físico para o propio alumnado ou para os demais.

### **6.3.2. Sistema de cualificación cualificacións final**

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais, priorizando a nota da última avaliación. Poderase superar a materia con algunha avaliación suspensa sempre que a nota media da mesma non sexa inferior a 3 puntos, e a media das tres avaliacións dea como resultado un mínimo de 4.5 puntos despois de facer o redondeo.

En canto ós criterios de promoción, non se permitirá a promoción daqueles alumnos-as que non acadaran os mínimos e, sobre todo, daqueles que abandoasen a materia en cuestión.

### **6.3.3. Sistemas de recuperación.**

A avaliación do alumnado será fundamentalmente continúa, polo tanto non

se arbitran sistemas de recuperación fixos por considerar que a cualificación do alumnado dependerá do seu traballo global durante o curso.

Poderanse facer probas de recuperación respecto aos contidos teóricos e procedimentais da materia non dos actitudinais.

#### **6.3.4. Sistema de cualificación extraordinaria**

O alumnado que non acaden o 50% dos estándares esixidos deberán examinarse de toda a materia na convocatoria de setembro, quedando ó criterio do Departamento encargado da materia de “Xadrez educativo para todas e todos” se, nalgún caso, é preciso ademais realizar algún tipo de traballo práctico.

#### **6.4.-SISTEMAS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON POIDA ASISTIR DE FORMA REGULAR AO CENTRO.**

Para aqueles alumnos da materia de “Xadrez educativo para todas e todos” que non podan facer unha avaliación ordinaria, como por exemplo: alumnado con período de convalecencia hospitalaria ou domiciliaria prolongada e outras situacións especiais, a considerar si chega o caso.

Arbitraranse os seguintes sistemas de avaliación.

- Realizar traballos por escrito. Si alguén o quere facer en programa “power point” ou “PREZI” ou similares poderá facelo.
- Realizar tarefas específicas como: baterías de test, creación de problemas de xadrez
- Realizar exames extraordinarios, orais ou escritos.

Estas medidas aplicaranse ós contidos que o alumnado perdese, sexa un tema, varios temas, unha avaliación ou varias. Queda ó criterio do profesor a elección dun ou de varios dos instrumentos dispoñibles.